

Antotipia

QUE É A ANTOTIPIA?

É unha técnica fotográfica antiga que utiliza materiais naturais para crear impresións fotográficas únicas.

A antotipia baséase no uso de pigmentos vexetais e outros materiais naturais para crear unha emulsión fotosensible.

MATERIAIS NECESARIOS

- Láminas de acuarela de gramaxe grosso (300 g/cm²)
- Pinceis grosos
- Marcos de cristal con pinzas de suxeición
- Vasos de cartón
- Recortes de figuras artísticas, follas, fentos, etc...
- Botes de vidro
- Auga
- Alcol etílico ao 96%
- Cúrcuma, pementón, remolacha, col lombarda, espinacas, espirulina, arandos...

PROCEDEMENTO

- Preparar as tinturas naturais:
 - Cúrcuma, espirulina e pementón → diluir en alcol etílico ao 96%
 - Remolacha, col lombarda, espinacas e arandos → ferver en auga e filtrar cun coador
- Pintar sobre as láminas de acuarela cunha das tinturas ou con varias delas intentando non superpor diferentes cores
- Deixar secar (pode empregarse a estufa calefactora)
- Colocar as láminas sobre a base do marco
- Colocar sobre a lámina diferentes elementos opacos creando un deseño artístico
- Con moito coidado, colocar o cristal sobre a montaxe anterior e fixar coas pinzas
- Manter durante varios días expostas á luz natural (mellor se lles da o sol)
- Pasado o tempo, retirar o cristal, retirar os elementos opacos e finalmente a lámina de acuarela.

INFORMACIÓN SOBRE ANTOTIPIA

<https://tipialab.com/2024/08/19/antotipia-un-viaje-a-traves-de-la-historia-y-el-arte-de-la-fotografia-natural/>

<https://y-academia.com/antotipia-regresando-a-los-origenes-de-la-fotografia/>

FOTOS

<https://photos.app.goo.gl/1TTdDVCjL9gKCLyy8>